



### CONCELLOS

#### PEDRAFITA DO CEBREIRO

##### Anuncio

#### CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (2 MONITOR/A DE CAMPAMENTO DE VERÁN URBANO) AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2026

POSTO DE TRABALLO: 2 Monitor/a de Campamento de verán urbano

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 30 de xuño de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1749

### A PONTENOVA

##### Anuncio

#### LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRRARÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUEIRA CLASE. EXERCICIOS 2024 E 2025.

Por Resolución de alcaldía de data vinte e nove de decembro de 2025, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcorrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra esta.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso - administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública das listaxes.

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público das taxas por pasaxes permanentes, padrón ano 2024 e padrón ano 2025, dende o 01/07/2026 ata o 31/08/2026, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria ES78-2080-0137-41-3110000025 que este Concello ten aberta na oficina de ABANCA, sucursal de A Pontenova.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova o dezanove de xuño de dous mil vinte e seis.

A Pontenova, 19 de xuño de 2026.- O alcalde - presidente, Darío Campos Conde.

R. 1739

**PORTOMARÍN***Anuncio*

Aprobado o PADRON de:

- Tasa SAF periodo MAIO de 2026.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

- Del 1 de XULLO de 2026 ao 1 de SETEMBRO de 2026.

MODALIDADE DE COBRO.-

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de A Banca - Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por cualquier circunstancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da Abanca.

RECURSOS.-

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso-adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interponerse ambos recursos de forma simultanea.

Transcurrido o prazo de ingreso no periodo voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondientes ao periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

Portomarín, 4 de xuño de 2026.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 1750

**RÁBADE***Anuncio*

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 9 de xuño de 2026 prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 9 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 1740

**XOVE***Anuncio***Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos número 9/2026**

T sido aprobado polo Pleno deste Concello o Expediente de Modificación de Créditos nº 9/2026 de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por acordo adoptado en sesión celebrada o 1 de xuño de 2.026, non tendo sido presentada ningunha reclamación ao mesmo, dando cumprimento ao que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito expediente ascende a NOVECIENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS EUROS (942.700,00 €) quedando o Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento Xeral para 2.026 como de seguido se reflicte:

**ESTADO DE GASTOS**

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	3.894.279,91
2	Gastos en bens correntes e servicios	3.810.728,67
3	Gastos financeiros	2.600,00
4	Transferencias correntes	522.800,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.542.275,78
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b><u>9.772.684,36</u></b>

**ESTADO DE INGRESOS**

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	4.083.000,00
2	Impostos indirectos	360.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.289.760,00
4	Transferencias correntes	2.168.305,64
5	Ingresos patrimoniais	180.800,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	583.534,58
8	Activos financeiros	1.097.284,14
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b><u>10.762.684,36</u></b>

Segundo dispón o artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Texto Refundido, contra este Expediente poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Xove, 30 de xuño de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1751